

BOMBEIRO FORESTAL. A revista do SPDCIF



Autonómica

Outono
2015
nº2

EDITORIAL: LUMES MÁIS VIRULENTOS, GOBERNOS MÁIS INEPTOS

Voltou o Verán seco como de costume e voltaron a dispararse as cifras de lumes e hectáreas queimadas. Este feito non é máis que a constatación dunha realidade que nos acompaña nunha dramática harmonía durante o último cuarto de século.

Ben é certo que este feito pode incluso caer na indiferencia ou formar parte xa do imaxinario colectivo que provoca certa pasividade social cara este bucle do verán galego.

Si ben na precampaña xa se lanzaran os perceptivos avisos polos axentes sociais esixindo a optimización e óptima cobertura no servizo do SPDCIF para poder afrontar o que se viña enriba, a estratexia desmembradora do servizo profesional por parte da xunta non fixo máis que agrandar as consecuencias do desastre que xa coñecemos.

Mais así como non muda a estratexia de xestión forestal por parte da administración si mudan e de xeito circunstancial e virulento o tipo de lumes ós que nos enfrontamos.

Nos últimos anos estamos asistindo a lumes moito máis complexos por diversos factores, por un lado debido ó cambio climático atopámonos con periodos de sequía máis longos cunha humidade relativa máis baixa e con temperaturas máis altas. Estas condicións xeneran a

combinación perfecta para que se den incendios de maior magnitude e velocidade.

Por outra banda o incremento de nivel de combustíbel nº 4, arbustos e árbores de ata dous metros, provoca intensidades calóricas altísimas con velocidade de propagación en condicións de alta temperatura e humidade relativa baixa superando nos lumes os 40 metros/minuto. Este incremento de combustíbel ven debido ó progresivo abandono do rural xa que é a vexetación que aparece no primeiro estadio despois do abandono de terras. Sumado isto ó inaxeitado modelo urbanístico froito da burbulla inmobiliaria expón a novos perigos ás poboacións e propiedades nos xa cada vez máis frecuentes lumes de interface.

Temos o número de lumes que tiñamos antano pero coa maior perigosidade e virulencia dos lumes actuais polo anteriormente exposto, que incorporan a ameaza a núcleos poboacionais cos perigos que conleva.

Diante desta nova afrenta e muda das condicións dos lumes forestais convírtese en imprescindible unha readaptación dos coñecementos por parte de todo SPDCIF, o atopármonos o monte entre as casas cambia o "terreo de xogo", novas velocidades de propagación, novos perigos...

Facer un "corta-pega" no Pladiga xa non é suficiente, urxe unha rápida adaptación dos medios humanos e técnicos a esta nova realidade.



ÍNDICE

Editorial	1	Efectos dos retardantes na extinción	5	Chantaxe aos empregados públicos	7
Proposta Bombeiro Forestal	2	Cadernos técnicos: Lumes de interface	6	Mobilizacións do SPDCIF	8
Brigadas municipais	3	Prevección: Triaxe	7	Taboleiro de breves	8
Solicitud de cursos á EGAP	4				

MOBILIZACIÓN



O parlamento andaluz reconece a **categoría de Bombeiro Forestal** ós traballadores do INFOCA, colectivo análogo ó SPDCIF na Galiza, a **proposta do Partido Popular de Andalucía**

A CIG VOLTA LEVAR Ó PARLAMENTO A PROPOSTA DE BOMBEIRO FORESTAL

Neste pasado mes de Setembro a CIG voltou a contactar cos grupos parlamentares de cara a conquistar a categoría de Bombeiro Forestal para o persoal do SPDCIF.

A principios do mes de Setembro, como xa se acordara cos propios partidos, reiniciáronse os contactos cos grupos parlamentares con representación no parlamento galego, a este convite feito a tódolos partidos, respostaron e recibíronnos os grupos parlamentares de AGE, BNG, e PSOE.

A CIG xa levara o parlamento no pasado mes de maio esta proposta que fóra rexeitada Polo Goberno da Xunta, recibindo o apoio do resto de Grupos parlamentares.

Desta vez había unha novidade máis que considerábel xa que dende o día un de Setembro o parlamento Andaluz reconece a categoría de Bombeiro Forestal ós traballadores do INFOCA, colectivo análogo ó SPDCIF na Galiza, a proposta do Partido Popular de Andalucía. Incrementase neste caso a esquizofrenia política do Partido Popular, xa que a maiores dos xa coñecidos apoios a este proxecto en Extremadura e Aragón, no caso de Andalucía é o propio Partido Popular o que alí formula unha proposta idéntica á da CIG, coa salvedade que na Galiza o goberno (PP) vota en contra.

Son así xa dúas Comunidades, Extremadura e Andalucía onde xa se reconece oficialmente esta categoría ó abeiro do R.D.1591/2010 de 26 de Novembro, a maiores doutras comunidades con Aragón e Navarra onde o procedemento aínda está en fase de tramitación.

Desta vez o grupo parlamentar do PP xa nin nos recibiu, e as únicas informacións que temos a día de hoxe atopámolos nun anuncio na páxina da Xunta o 30 de Setembro de 2015

"Por outra banda, a categoría de bombeiro forestal á que se refire este colectivo non existe en Galicia e nunca tivo cabida na organización administrativa da Xunta. Os brigadistas son unha peza fundamental do dispositivo, non só polos labores de extinción senón tamén pola prevención que realizan. Estes dous conceptos son os que precisamente fan que a denominación de bombeiros forestais non sexa a apropiada, xa que suporía unha limitación da súa actividade ás tarefas de extinción cando tamén lle corresponden tarefas de prevención."

A día de hoxe está aínda por rematar o proceso de tramitación parlamentaria, aínda que como xa dixemos anteriormente, tanto por non nos recibir o PP como por estas explicacións na páxina web podemos intuir cal será ao posicionamento do Goberno neste tema. De todos xeitos estamos convencidos que o proceso é imparábel e será cuestión de tempo acadar o recoñecemento da categoría que xa é realidade en varias comunidades



POSICIONAMENTO DA CIG DIANTE DA CONTRATACIÓN DAS BRIGADAS MUNICIPAIS PARA A EXTINCIÓN DE INCENDIOS

Consideramos que a extinción dos lumes debe ser realizada polo SPDCIF, o servizo público da Xunta de Galiza deseñado para tal fin.

Dende o ano 2013 a Xunta de Galicia voltou a contratar para o operativo de extinción de incendios brigadas municipais na tempada de alto risco mediante convenios cos concellos e mancomunidades utilizando para custear este gasto fondos do plan Feader da Unión Europea.

A día de hoxe segundo cifras oficiais do PLADIGA 2015 estarían contratadas 1765 persoas en toda Galicia mediante este tipo de convenios Xunta - entidades locais.



No ano 2012 só se incluían 240 traballadores todos eles conductores de autobomba.

Ate ese ano, as contratacións para alto risco facíanse polo decreto de listas e eran todos os traballadores que pasaban a formar parte a tódolos efectos da xunta e do seu dispositivo do SPDCIF.

A día de hoxe son traballadores dos concellos pero pasan a formar parte do dispositivo da xunta baixo o mando das xefaturas de distrito.

Dende a Cig cremos que a dispersión de colectivos implicados no operativo de extinción de incendios perxudica seriamente a efectividade do servizo, a maiores da falta de profesionalización que sofre o colectivo derivado da aleatoriedade na selección en cada concello e da precariedade que rodea este tipo de contratacións.

Son contratos de tres meses que non garanten a creación de emprego de calidade tal e como recollen os principios do plan feader que a xunta utiliza para custear estes convenios.

Estes fondos do plan FEADER non contemplan as tarefas de extinción.

Tal e como figura nos convenios que a propia xunta establece coas entidades locais as tarefas que se cuantifican e rexistran son as de prevención, e son as que se rexistran para enviar a Europa.

No regulamento (CE) nº 1698/2005 do consello de 20 de Setembro de 2005 relativo á axuda ó desenvolvemento rural a través do FEADER, onde se recolle o espírito das subvencións refírese a medidas silvícolas actividades destinadas ó aumento do valor engadido, aumento do valor dos bosques, actividades destinadas á mellora da profesionalización, servizos de asesoramento, instalación de agricultores e selvicultores, forestación de terras agrícolas e medidas preventivas contra incendios...entre outras.

Denunciamos que xunta utiliza estes fondos destinados á mellora do sector agrícola e forestal para non contratar como lle corresponde o reforzo de verán polo decreto de listas.

Podemos intuír que as tarefas de extinción están en fraude de lei con respecto dos fondos que se empregan para o seu pagamento.

Tan só propagandisticamente a xunta de Galicia nomea a extinción e a utilización destas brigadas no operativo de extinción dentro dos "7000" tal e como publicou ós medios no consello de goberno da xunta de 7 de maio de 2015.

Estas brigadas veñen desenrolando traballos de prevención en tempadas onde se prohiben durante boa parte do tempo os traballos e desbroce polo uso de maquinaria.

O desbroce en tempada de alto risco pode ser contraproducente.

Os traballos de prevención deben realizarse nos tempos que lle corresponde e non na tempada de alto risco. Non se trata de que sobre personal, nin que se deixe de contratar a xente nos concellos, trátase de que para a que a prevención sexa efectiva e non en fraude de lei, estas brigadas deben adiantar o período de contratación e facer exclusivamente prevención.

Dende que se utilizan estas brigadas deixaron de cubrirse as prazas de brigadistas polo decreto de listas para o reforzo de brigadas de verán, utilizando de forma perniciosa uns fondos que son para promover emprego de calidade en precarizalo. A día de hoxe a mellor maneira de garantir a igualdade de condicións no acceso as prazas públicas.

Non existe un protocolo claro de contratación para estas brigadas, é cada concello o que establece os criterios, así como o salario tampouco está homoxeneizado para persoal que realiza idénticas funcións.

Estas Brigadas veñen desenvolvendo funcións que non lle corresponden facendo en moitas ocasións xardinería urbana ou funcións de brigada de servizos, froito da cultura caciquil da que xurden este tipo de contratacións.

Consideramos que a extinción dos lumes debe ser realizada polo SPDCIF, o servizo público da Xunta de Galiza deseñado para tal fin, dende fai anos o máis eficaz de todo o estado. Aseveramos que a dispersión burocrática dos operarios de extinción redundan en menos eficacia e máis risco para os traballadores e o patrimonio forestal.

Dende a Cig vimos de iniciar unha rolda de contactos cos grupos políticos e coa FEGAMP por todo isto reflexado anteriormente, instámoslos a esixir á xunta que non utilice as brigadas municipais para o dispositivo de extinción de incendios, porén si se queren seguir utilizando estas brigadas esiximos que se axeiten ós traballos e períodos de prevención.

SON REPETIDOS E INOPERATIVOS OS CURSOS DE INICIACION QUE RECIBIMOS COA FIN DE CUBRIR EXPEDIENTE



SOLICITUDE DE CURSOS ESPECÍFICOS PARA @S TRABALLADOR@S DO SPDCIF

A CIG ven de rexistrar varios escritos diante da SXT de Medio rural, solicitando a EGAP cursos específicos e continuados para o SPDCIF.

Diante do espírito de inacción no que nos somerxe continuamente a nosa peculiar consellería, e a *marchetta* fixa do eterno curso de iniciación para cubrir expediente, vimos de instar seguindo os cauces establecidos ás autoridades competentes para rachar esta dinámica.

Sabedores á fin de que a formación continuada é un activo imprescindible para o correcto desenvolvemento do traballo, diminuíndo de xeito importante e proporcional os riscos e número de accidentes ó producirse un incremento na formación.

Aínda que é máis visíbel e palpábel o factor risco na extinción, non debemos subestimar tampouco os riscos das tempadas baixas e dos traballos de prevención.

Son repetidos e inoperativos os cursos de iniciación que recibimos coa fin de cubrir expediente, pero que non están plantexados para que haxa unha continuidade na formación.

Botando un ollo ós últimos anos nos cursos da EGAP dirixidos ó noso colectivo, salvo un interesante curso de queimas controladas, só atopamos escasos cursos de lexislación e de coñecementos burocráticos que pouco afectan ó desenvolvemento real da profesión aínda que si valen para o desenvolvemento intelectual d@s traballador@s.

A formación continuada, consideramos debe realizarse de xeito progresivo xa que a administración conta cos medios necesarios, e incide positivamente tanto na redución dos riscos como na propia motivación d@s profesionais do sector.

No escrito que remitimos adxuntamos unha serie de consideracións e propostas que consideramos son factibles ó contar cos mecanismos na propia administración e por suposto ó existir a necesidade:

1. Se inclúan nas programacións anuais cursos axeitados e progresivos, non ten sentido que recibamos ano tras ano o mesmo curso de formación coa única fin de cubrir expediente.
2. Se utilice a EGAP para desenvolver estas actividades de formación; Utilización dun recurso propio que redundaría na mellora d@s profesionais do SPDCIF.
3. Os traballos que se desenvolven polos profesionais son de alto risco, tanto na extinción directa como en tarefas de prevención, motivo polo cal demandamos cursos profesionais e prácticos coa fin de diminuír os riscos e accidentes e unha maior eficacia no traballo.

Propostas de temas para a elaboración de cursos que consideramos imprescindibles para un axeitado desempeño das funcións:

- Manexo da auga nos incendios forestais.
- Protocolos de actuación e evacuación en caso de accidente. Mínimos coñecementos de triaxe.
- Os lumes de interface, importante diante do abandono do rural.
- Protocolos claros de actuación na extinción.
- Coñecementos de riscos reais noa extinción: Liñas eléctricas, traballo en forte pendente, os EPI'S, gases que emanan da combustión.
- Manexo de contralume na extinción de incendios.

OS EFECTOS DOS RETARDANTES USADOS NA EXTINCIÓN DE INCENDIOS PERSISTEN NO MONTE UNHA DÉCADA DESPOIS

Un estudo do CSIC revela que continúan durante un periodo de tempo prolongado afectando ó solo e especies arbóreas.

A finais do pasado mes de Xullo, faciase eco na prensa a noticia deste estudo realizado polo CSIC (Centro superior de investigacións científicas) publicado na revista científica *Science of the total environment*.

Neste estudo analízase de xeito exhaustivo e prolongado, o longo de dez anos como non se tiña feito ate agora, a incidencia nunha area determinada dos retardantes empregados na extinción de incendios.

Para o estudo empregouse unha área determinada no Concello de Tomiño, onde no ano 2003 se fixo unha queima experimental controlada de baixo interese ecolóxico.

Os produtos que se analizaron foron o polifosfato amónico, o axente espumante e o polímero de acrilamida, produtos que normalmente se aplican polos medios aéreos e misturados con auga.

En canto as especies que se estudaron, recolléronse mostras de seis especies vexetais (*Pinus pinaster*, *Erica Umbellata*, *Genistatriacanthos*, *Pterospatum tridentatum*, *Ulex micranthus*, *Ulex europaeus*), e tomáronse máis de 140 mostras de solo.

Segundo reconece Serafín González Prieto, investigador do CSIC, eran coñecidos pola comunidade científica os efectos directos dos incendios forestais sobre o solo, microorganismos e vexetación, pero era necesario coñecer tamén os efectos da extinción destes e as súas consecuencias sobre o medio.

Ó longo do tempo fóranse publicando os resultados en función do curto e medio prazo, máis é agora cando aparecen a longo prazo. No curto prazo os efectos do polímero de acrilamida e escumante

non eran moi relevantes, sen embargo o polifosfato amónico aumentaba o fósforo e amonio ate niveis tóxicos para a xerminación de prantas.

No medio prazo, o escumante seguía presentando unha menor incidencia sobre vexetación, o polímero de acrilamida provocaba maior mortalidade de piñeiros e o polifosfato tiña efectos fertilizantes no chan e efectos negativos sobre matogueiras na rexermolación.

No longo prazo, logo de dez anos, o polifosfato amónico persiste e provoca niveis elevados de nitróxeno e fósforo no solo, onde beneficia a unhas matogueiras e perxudica a outros, sen embargo nos piñeiros aparece un desequilibrio no crecemento entre copas e raíces, o que provocou que un tercio fose tombado polo vento.

O polímero de acrilamida e o escumante apenas teñen relevancia no longo prazo.

Trátase do traballo máis completo a nivel mundial que se ten feito ate o de agora ó respecto dos efectos da extinción ó longo prazo.

Entre as recomendacións que dende os científicos do CSIC se lanzan cara a extinción están a correcta utilización destes retardantes, tendo en conta cando e onde empregalos, evitándoos no posíbel en áreas de rede natura e zonas de especial sensibilidade ambiental e ecolóxica.



ESTRATEGIA



A día de hoxe a Xunta de Galiza emprega, a maiores, algún retardante biodegradabel da firma *Firelimit*

CADERNOS TÉCNICOS

LUMES DE INTERFACE

Os lumes de interface son aqueles que se inician ou propagan na zona urbano forestal, onde se misturan recursos desenrolados polo ser humano e combustíbeis forestais.

Moitos expertos a nivel internacional denominan a este tipo de incendios como lumes de cuarta xeneración, xa que se propagan por un novo tipo de combustible como son as urbanizacións ou pobos aproveitando a masa forestal que existe entre estas estruturas .

Hai tres tipos de lumes de interface:

- Interface clásico: Dase cando o lume se produce dentro dunha masa forestal onde o predomínio fundamental é a propia masa forestal na que se inclúen algunhas estruturas .
- Interface pechada: Dase cando o lume de interface se produce nun lugar onde predominan as estruturas ante o volume de masa forestal.
- Interface mixta: Dase cando se producen lumes de interface en espazos forestais ou agrarios con estruturas illadas e escasas.

Durante os anos de explosión da construción, ás veces sen control, construíuse en lugares bastante perigosos sen as medidas de protección adecuadas ante a posíbel evolución dun lume forestal a lume interface. Asimesmo o abandono do rural trae consigo acumulacións importantísimas de combustíbel forestal nas proximidades dos pobos podendo convertir tamen un lume forestal normal nun perigosísimo lume de interface.

A complicación destes incendios é maifesta xa que afecta a dous sistemas de extinción, a extinción urbana e a extinción forestal, polo tanto é necesario un protocolo claro ante este tipo de lumes na actuación de diferentes dispositivos, xa que este tipo de incendios son moi perigosos tanto para os bombeiros forestais como para os bombeiros urbanos e por suposto para a poboación.

A tensión que se produce nestes incendios é moi elevada; situacións de alto risco tanto para a cidadanía como para os bens que crean situacións susceptíbeis de por en perigo ós propios dispositivos de extinción, de aí a

importancia dun protocolo claro e específico para actuar neste tipo de lumes cada vez mais frecuentes.

Puntos claros que hai que ter na actuación dun lume de interface:

Presencia de persoas alleas á extinción na zona:

A súa seguridade é a máxima prioridade, nun lume de interfaz hai que avisar as forzas de seguridade para o control tanto dos propietarios como persoas alleas o dispositivo de extinción que poden dificultar os traballos dos dispositivos. De ser necesario procederase a unha evacuación ordeada da poboación e un control de accesos a zona deintervención.

Claros zonas de acceso e de evacuación

Nun lume de interfaz é prioritario que todo o persoal que poida traballar en el dispoña de toda a información necesaria (accesos, puntos de anclaxe, puntos de carga, vía sde evacuación..etc..) Toda esta información deberíase dar antes de chegar á propia zona de intervención.

É fundamental que todo o persoal teña clara e perfectamente marcadas as vías de escape.

Ubicación adecuada do posto de mando ou coordinación e comunicación.

Hai que garantir en todo momento unha visión global de todo o lume por parte do coordinador ou responsábel e que ó mesmo tempo sexa un punto de comunicación clara. As ordes deben ser claras,e vóltase necesario utilizar canles suficientes para os diferentes grupos, mantendo as canles libres o maior tempo posíbel.

Identificación de perigos especiais.

- Ubicación de liñas eléctricas.
- Depósitos de gas.
- Fumes tóxicos.
- Vehículos incendiados .
- Trafico descontrolado.
- Bloqueo ou atasco en vías de escape.

PREVENCIÓN E DEMÁIS: TRIAXE



Dentro dos coñecemento dos riscos inherentes o desenvolvemento da profesión, e cara a ter coñecemento das posibles situacións de emerxencia que poden aparecer no día a día do traballo abordamos desta vez a triaxe.

Tendo en conta que non somos profesionais médicos máis que son situacións que se poden presentar e que poden axudar a minimizar un axeitado manexo deste coñecementos así como dos primeiros auxilios.

Clasificación de feridos en canto a súa gravidade e as posibilidades de salvamento cos recursos dispoñibles para a súa atención mediante etiquetas tal e como recolle a OMS:

Etiqueta negra ou branca: prioridade cero de evacuación debido a que ou é cadáver ou as posibilidades de salvamento do ferido son nulas.

Etiqueta vermella: máxima prioridade de evacuación, inmediata a ser posible, exemplos de lesións nos que se pon esta etiqueta:

- Paro cardíaco ou respiratorio
- Feridas moi graves incluso amputacións.
- Graves traumatismos craneoencefálicos.
- Hemorragias superiores a un litro.
- Queimaduras graves que afectan sobre todo ás vías respiratorias.
- Vómito hemorráxico intenso .

Etiqueta amarela: Segunda en prioridade: son pacientes con lesións que precisan atención urxente xa que existe un risco vital importante, en casos tales como:

- Hemorragias entre medio litro e un litro.
- Graves fracturas abertas e pechadas.
- Feridas graves que non afecten a órganos vitais.
- Queimaduras de terceiro grao que afecten a cara, pés e mans.
- Queimaduras de segundo grao que afecten ozo trinta por cento do corpo.
- Queimaduras de terceiro grao que afecten aó dez por cento do corpo.
- Tempo de atención máximo dúas horas.

Etiqueta verde: Terceira en prioridade, paciente con lesións leves que poidan camiñar e o seu traslado non precise medios especiais, en casos tales como :

- Vómitos sen sangue.
- Diarrea.
- Fracturas menores.
- Queimaduras de segundo grao do dez por cento do corpo.
- Queimaduras de terceiro grao cunha afectación do dous por cento do corpo.
- Tempo de atención máxima en seis horas.

A XUNTA DE GALIZA CHANTAXEA @S EMPREGAD@S PÚBLIC@S

A Xunta de Galiza asina un acordo con CCOO, UGT e CSIF que NON restitúe os 9 días de asuntos propios.

Na súa exposición, a CIG mantívose firme no seu posicionamento: Eles quitáronos, que eles os restauren. Insistimos unha vez máis en que os dereitos recortados de xeito unilateral pola Xunta de Galiza tiñan que ser restituídos xa, por decreto do Consello da Xunta, sen necesidade de buscar a vergoñenta complicidade que atopou no resto de organizacións sindicais para sacar adiante un acordo no que se materializa a perda de 3 días de AAPP . Nese senso, a CIG foi a única organización sindical que se negou a participar no paripé da votación dun acordo que saíu adiante co voto favorable de CCOO, UGT e CSIF, e a través do cal o Partido Popular e o presidente Feijóo conseguiron o que buscaban: ter un bonito titular para os medios de comunicación co que lavar a súa faciana de cara ás vindeiras citas electorais. Os cambios con respecto ao texto do borrador inicial son os seguintes:

- Os días por asuntos particulares poderán acumularse aos días de vacacións que se poden gozar de forma independente.
- período de disfrute dos días referidos ao ano 2015 amplíase ata o día 30 de abril de 2016 e será de aplicación a todos os sectores.

Foi publicado no DOG do luns 19 de Outubro de 2015.

VERÁN DE MOBILIZACIÓNS DO SPDCIF

Víase vir e así foi. O verán cumpriu as negras expectativas que en canto a incendios forestais presaxiábamos. Non foi por non dicilo e non denunciálo por activa e por pasiva pero como na novela tratábase da "crónica dunha morte anunciada".

Foi un verán cheo de mobilizacións das que xa non se lembraban no SPDCIF en canto a numerosa e activa participación por parte d@s traballador@s.

As mobilizacións SPDCIF esixiron medidas para evitar ou cando menos atenuar a desfeita que se vía vir, consecuencia en parte pola teima da Xunta en desmontar o SPDCIF, e en maior medida na inexistencia dun plan integral de xestión do monte galego, convertindo a este nun barco á deriva cara os incendios forestais.

Dende a CIG viñamos alertando dos riscos que se correrían tanto persoais como patrimoniais de non botar man da situación que de todas prevía un verán con moitos lumes, e participamos como o resto de sindicatos nas concentracións:

- En **Ourense** ,organizada polo **comité de empresa** diante da delegación de Medio Rural o **día 30 de Xuño**, nesta concentración tamén se rendera homenaxe ó Axente forestal **Enrique Casanova**, falecido na extinción dun incendio na Provincia de Lugo.
- Continuamos nas rúas de **Compostela o 22 de Xullo**, nunha concorrida e histórica manifestación onde os medios cifraron en arredor de mil @s asistentes á protesta.
- día 28 de Agosto @s traballador@s do SPDCIF realizaron o último tramo do camiño de Santiago facendo o remate da marcha na praza od Obradoiro coa lectura dun manifesto e batelumada tanto alí como en distintos puntos do casco histórico.
- día 1 de Outubro repetiuse a batelumada en San Caetano, onde @s traballador@s do SPDCIF de toda Galiza voltaron a desplazarse a Compostela nos buses fletados polos comités de empresa e Organizacións sindicais.

Todas estas concentracións foron convocadas polas catro organizacións sindicais con representación nos comités de empresa de Medio Rural, CSI-F , CCOO, CIG e UGT e tamén pola organización Apropiga.

As reivindicacións que non se abandarán ate a súa consecución foron en tódolos casos:

- Pola estabilidade laboral e profesional.
- Convocatoria de OPE
- Polo recoñecemento de Bombeiro Forestal.
- Defensa do SPDCIF como servizo único de extinción.
- Convocatoria de mesa negociadora.

Dende a redundancia insistimos, aínda que sone a eslogan, en que a loita é o único camiño para neste caso recuperar as condicións laborais xustas que se nos usurparon, e frear a privatización encuberta que dende a xunta se quere transferir cara a empresas amigas.



TABOLEIRO DE BREVES

- A CIG participou de xeito activo na organización das actividades e protestas organizadas polo comité de defensa do monte galego, como a concentración que baixo o lema de " Lumes nunca máis" tivo lugar o pasado dez de setembro.
- A CIG organizou en Ourense o curso " O manexo da auga nos incendios forestais" para traballador@s do SPDCIF. No pasado mes de Xuño, cunha duración aproximada de dúas horas con coloquio final, estreamos este formato que pensamos continuar no tempo debido a que o consideramos necesario ante a falta de formación por parte da administración e tamén grazas á boa acollida que tivo.
- Compañeiros da CIG participaron neste verán na realización dun documental sobre os incendios forestais e o negocio do lume que verá a luz proximamente.

Contacta con nós

ourense@cigadmon.org - 988 233 850

 @CIGAutonomicaOU

 [facebook.com/CIG.Autonomica.Ourense](https://www.facebook.com/CIG.Autonomica.Ourense)